



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día cinco de outubro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as once horas do día cinco de outubro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro José Luís Rodríguez Franco.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declarase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día vinte e oito de setembro de dous mil once.

#### **2º.- REPRESENTACIÓN XUDICIAL DO CONCELLO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a cédula de citación recibida no concello en relación coas dilixencias preliminares 958/11 do Xulgado de Primeira Instancia nº. 2 de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Encomendar a representación e defensa do Concello da Pobra do Brollón nas dilixencias preliminares 958/11 do Xulgado de Primeira Instancia nº. 2 de Lugo e cantas actuacións ou causas deriven das mesmas aos servizos xurídicos da Deputación Provincial de Lugo.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as once horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a seis de outubro de dous mil once.



O Alcalde,

